



## CASTIGADOS SIN FÚTBOL

Partido correspondente a 6ª xornada da 2ª Autonómica disputado na tarde do domingo en Prados Vellos ante 300 espectadores.

Ares 3 de novembro do 2013

### FICHA TÉCNICA:

**NUMANCIA:** Carlos, Álvaro (Jauma 76´), Dudi, Rubén, Antón (Alex García 56´), Bule (C), Paulo (Amenedo 71´), Fernando (Costa 65´), Julio, Manu e Alex Pita.

*Adestrador:* Manuel Antonio Cartelle Permuy.

*Delegado:* Jose Antonio Couce Iglesias.

**RÁPIDO DE NEDA:** Junior (Benito 15´), Oscar, Abel (C), Alejo, Cocheli (Manu 66´), Unai (Andrés 76´), Michel (Arturo 87´), Marcos, Eric, Fran Salazar e Fornos (Santi 33´).

*Adestrador:* José Manuel Yañez Yañez.

*Delegado:* José Ramón Freire Paz.

**COLEXIADO:** D. Antonio Belizón Flores. Boa arbitrase. Amoestou a Rubén no Numancia. Por parte do Neda foron amonestados Abel, Michel, e José Manuel (adestrador).

#### **GOLES:**

0 - 1 (FORNOS) Rubén cede un balón a Carlos que se queda curto. O dianteiro Fornos moi atento aproveita a indecisión numantina para recoller o balón e fusilar a Carlos. (minuto 25).

0 - 2 (COCHELI) Golazo de falta directa dende 30 metros de Cocheli enviando o balón pola escuadra esquerda da portería de Carlos. (minuto 35).

#### **CRÓNICA:**

Nunha tarde gris e fría moitos afeccionados do Numancia e do Neda acudían a Prados Vellos a disfrutar dun partido que prometía moito entre dous equipos chamados a estar nos primeiros postos da clasificación. Pero a palabra prometía quedouse en eso, xa que o partido foi resumido unha vez finalizado o mesmo por un dos "vellos do lugar" como "malo de solemnidade".

